

# INSTRUCCIÓN PARA O ACCESO Ó PLAN DE ADAPTACIÓN 2020/2021

Prazo para a solicitude de admisión	Prazo para a matrícula do alumnado admitido
Do <b>15 de xuño ata o 24 de xullo</b> (ambos inclusive)	Do <b>1 o 11 de setembro</b> (ambos inclusive)

## - Como facer a solicitude de admisión:

Enviando por correo electrónico ([escola.conservacion.galicia@edu.xunta.gal](mailto:escola.conservacion.galicia@edu.xunta.gal)) a solicitude de admisión ó plan de adaptación xunto coa seguinte documentación:

- Copia do DNI ou NIE

Aquel alumnado que terminara os seus estudos noutro centro educativo debe presentar ademais:

- Certificación académica dos estudos cursados. Debe constar a norma que establece o plan de estudos e as cualificacións obtidas, en idioma castelán.
- Copia do Título de Conservación e Restauración de Bens Culturais.

## - Listaxe de admitidos e excluídos:

O 27 de xullo publicaranse as listaxes de admitidos e excluídos. O criterio de selección será a nota media do expediente académico e o número de prazas ofertadas dependerá das prazas libres nas aulas e laboratorios correspondentes, unha vez realizada a matrícula dos alumnos oficiais. Durante os días 28 e 29 de xullo poderanse presentar reclamacións a ditas listaxes. O 30 de xullo publicárase a listaxe definitiva do alumnado que poderá matricularse nestes estudos superiores de conservación e restauración para o curso 2020/2021.

## - Observacións:

Para aquel alumnado que non obtivera o Título de Conservación e Restauración de Bens Culturais nesta escola, enviarase un borrador cunha previsión de adaptación ó noso plan de estudos. Neste borrador indícarase cales son as materias que se poderán convalidar no proceso futuro de recoñecemento de créditos e, por tanto, cales son as materias que se deberán cursar.

Para aquel alumnado que obtivera o Título de Conservación e Restauración de Bens Culturais nesta escola xa está publicado o conxunto das materias que serán convalidadas. Pode consultarse no Anexo da Orden do 21 de novembro de 2016 (DOG do 1 de decembro). Este proceso de recoñecemento de créditos será, por tanto, automático, aínda que haberá que entregar igualmente unha solicitude para poder tramitalo.

## - Prazo de matrícula:

No prazo do 1 ó 11 de setembro formalízase a matrícula e tramítase o expediente de recoñecemento de créditos das materias cursadas na anterior titulación de conservación-restauración.